

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos. Sección de Planificación de Recursos Humanos

Convocatoria de proceso selectivo para elaborar una lista de persoal funcionario interino e/ou laboral temporal para postos de educador infantil

ANUNCIO

Resolución 31860/2017 do 11/10/2017 pola que convoca un proceso selectivo para elaborar unha lista de persoal funcionario interino e/ou laboral temporal para postos de educador infantil

Por resolución de presidencia número 31860/2017 do 11/10/2017, que se transcribe a continuación, resolveuse convocar un proceso selectivo para elaborar unha lista de persoal temporal para postos de educador infantil:

“Visto o expediente relativo á convocatoria do procedemento para elaborar unha lista de aspirantes para a selección de persoal funcionario interino e/ou persoal laboral temporal para o postos de educador infantil (Subgrupo B, de administración especial), no que se acreditan os seguintes

I.- ANTECEDENTES

I.1.- Non dispoñendo de lista de aspirantes para a selección de persoal funcionario interino e/ou laboral, para postos de educador infantil (subgrupo B), de administración especial, é preciso convocar un proceso selectivo do que resulte unha lista para a cobertura interina de posibles vacantes e substitución.

I.2.- O procedemento vixente nesta Deputación para a selección de persoal temporal está contido no Regulamento aprobado ao efecto, que establece o procedemento de elaboración das listas de aspirantes correspondentes, de conformidade coas bases que rexerán a convocatoria pública de cada proceso selectivo.

II.- FUNDAMENTOS DE DEREITO

O Regulamento da selección de persoal funcionario interino e laboral temporal desta Deputación (BOP núm. 151, do 2 de xullo de 2008), en canto se refire ao procedemento para a selección mediante o sistema de listas.

De conformidade coa normativa citada e demais concordante e de aplicación,

RESOLVO:

Convocar o procedemento de elaboración dunha lista de aspirantes para a selección de persoal funcionario interino e/ou laboral temporal para postos de Educador Infantil (Subgrupo B), de Administración Especial, que se rexerá polas Bases aprobadas ao efecto pola Xunta de Goberno do 6 de outubro de 2017.

Bases para elaborar listas para a selección de persoal funcionario interino para posibles nomeamentos para postos de Educador Infantil (B), de Administración Especial.

1. Requisitos dos candidatos

Para ser admitidos á realización das probas selectivas os aspirantes deberán cumprir no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manter ata o momento da toma de posesión como funcionarios os seguintes requisitos:

1.1. Nacionalidade:

- a) Ter a nacionalidade española.
- b) Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado no que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- c) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros estados membros da Unión Europea, e os nacionais dalgún Estado no cal, en virtude dos tratados internacionais

celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e o seu cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.

1.2. Idade: ter cumpridos 16 anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

1.3. Titulación: estar en posesión do título de: **Técnico Superior en Educación Infantil ou equivalente**.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

1.4. Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

1.5. Habilitación: non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No suposto de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

2. Solicitudes

2.1. Quen desexe tomar parte nas probas selectivas deberá facelo constar na instancia que poderá obterse na Deputación provincial (Rexistro Xeral, Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos e na páxina web <https://www.dacoruna.gal/files/6214/1578/0652/solicitud-participacion-probas-seleccion-persoal-temporal.pdf>). As instancias dirixiranse ao Sr. Presidente da Deputación provincial da Coruña, presentándose no Rexistro Xeral desta Deputación, durante o prazo de vinte días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación das presentes Bases no Boletín Oficial da Provincia.

Poderanse remitir tamén na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A instancia deberá acompañarse de:

- a) Copia simple do DNI ou documento de identificación de estranxeiro
- b) Copia simple do título de Técnico Superior en Educación Infantil ou equivalente.
- c) Copia simple do título de galego Celga 4.

2.2. De acordo co disposto na Ordenanza do Uso da Lingua Galega na Deputación da Coruña publicada no Boletín Oficial da Provincia de 30 de maio de 2017, os aspirantes que desexen o texto das probas en lingua castelán deberán facelo constar no cadro habilitado na instancia.

2.3. As persoas aspirantes coa condición legal de diversidade funcional con grao igual ou superior ao 33 por cento deberán presentar certificación dos órganos competentes que acredite tal condición.

Tal xustificación permitirá, de demandarse na solicitude, as adaptacións de tempo e medios para a realización das probas de selección. Se no desenvolvemento do proceso selectivo se suscitasen dúbidas ao tribunal, respecto da capacidade das persoas aspirantes con algunha minusvalía para o desempeño das funcións dos postos de traballo convocados, poderá solicitar o correspondente ditame do órgano competente da comunidade autónoma.

3. Admisión de aspirantes

3.1. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Presidencia da Corporación declarará aprobada a relación provisional de persoas admitidas e excluídas, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia.

3.2. Os erros de feito poderán emendarse en calquera momento de oficio ou a pedimento do interesado. En todo caso a resolución á que se refire o punto anterior establecerá para os efectos de reclamacións un prazo de dez días, de conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

3.3. Logo de rematado o dito prazo, a Presidencia aprobará a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e determinará o lugar, a data e hora de comezo do primeiro exercicio das probas selectivas, así como a relación nominal das persoas que compoñerán o Tribunal Cualificador, todo o que se publicará no Boletín Oficial da Provincia.

4. Tribunais

4.1. O Tribunal designarase de conformidade co estipulado no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e a súa composición farase pública conforme ao establecido na base anterior. Estará composto polos seguintes membros:

- a) Un presidente, que será un funcionario designado polo presidente da Corporación.
- b) Tres vocais, funcionarios designados polo presidente da Corporación.
- c) Un secretario, que será o da Corporación ou funcionario en quen delegue.

Os vogais deberán posuír a titulación ou especialización igual ou superior ás esixidas para o acceso ás prazas convocadas.

A súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e, tenderase á paridade entre muller e home.

O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección. A pertenza a órganos de selección será sempre a título individual, non poderá desempeñarse esta en representación ou pola conta de ninguén.

4.2. Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándollos á autoridade convocante, cando concorran neles circunstancias das dispostas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, ou realizen tarefas de preparación a probas selectivas no cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O presidente poderá esixir dos membros do Tribunal declaración expresa de non acharse incurso nas circunstancias establecidas no citado artigo 23 da Lei 40/15, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorran as devanditas circunstancias, segundo o disposto no art. 24 da mesma lei.

4.3. O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, polo menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente.

4.4. O Tribunal resolverá todas as dúbidas que puidesen xurdir na aplicación destas normas, así como o que se deba facer nos casos non previstos.

4.5. O Tribunal poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas correspondentes dos exercicios que estimen pertinentes, limitándose os devanditos asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

4.6. Os Tribunais que actúan nestas probas selectivas terán a categoría e o dereito a percibir as contías correspondentes, de conformidade ao establecido no Real decreto 462/2002, de 24 de maio, de indemnizacións por razón do servizo.

5. Desenvolvemento dos exercicios

5.1. A orde de actuación dos aspirantes, nos exercicios que non puideran realizarse conxuntamente, iniciárase alfabeticamente pola primeira da letra «K», conforme ao establecido na Resolución de 20 de xaneiro de 2017 (DOG núm. 20, do 30 de xaneiro), pola que se publica o resultado do sorteo realizado segundo o disposto na Resolución do 3 de xaneiro de 2017 da Consellería de Facenda (DOG núm. 9, do 13 de xaneiro).

5.2. Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único. Será excluído da oposición quen non compareza excepto nos casos debidamente xustificadas e libremente apreciadas polo Tribunal.

5.3. A publicación dos sucesivos anuncios de realización do segundo e restantes exercicios, así as cualificacións dos aspirantes aprobados en cada proba efectuarao o Tribunal no taboleiro de anuncios da Corporación e na páxina web da Deputación Provincial (www.dicoruna.es).

5.4. Unha vez que conclúan os procesos selectivos, os tribunais formularán as súas propostas á Presidencia da Corporación, para aprobar a lista correspondente.

5.5. En todo o non previsto nestas Bases, estarase ao disposto no Regulamento regulador da selección de persoal funcionario interino e laboral temporal desta Deputación (BOP núm.151, do 02/07/2008) e na normativa de acceso á función pública vixente. Así mesmo, estas Bases e convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

6. Proba selectiva

1º Exercicio obrigatorio e eliminatorio: consistirá na contestación dun cuestionario de 50 preguntas con 3 respostas alternativas sobre as materias obxecto do temario que figura no seguinte programa, nun tempo máximo total de 1 hora. A puntuación será de 00,00 ata 10,00 puntos, sendo necesario para aprobar obter un mínimo de 05,00 puntos. Cada pregunta correcta obterá unha puntuación de 0,20 e cada pregunta incorrecta descontará 0,10 puntos.

2º Exercicio obrigatorio e eliminatorio: consistirá en resolver, no tempo máximo de 1 hora, 25 preguntas de carácter práctico, con respostas alternativas, relacionadas coas funcións propias do posto. A puntuación será de 00,00 ata 10,00 puntos, sendo necesario para aprobar obter un mínimo de 05,00 puntos. Cada pregunta correcta obterá unha puntuación e 0,40 e cada pregunta incorrecta descontará 0,20 puntos.

3º Exercicio.- De carácter obrigatorio, excepto para quen teña acreditado o nivel de coñecemento do galego: Celga 4, que estará exento/a de realizar o exercicio. Consistirá na tradución nun tempo máximo de 1 hora dun texto do castelán ao galego e outro do galego ao castelán a proposta do Tribunal. Este exercicio será cualificado como apto ou non apto.

PROGRAMA

PARTE XERAL

Tema 1. A Constitución española de 1978: estrutura e especial referencia aos dereitos fundamentais e liberdades públicas. As Cortes. O Goberno e a Administración.

O Estatuto de Autonomía de Galicia: estrutura e contido. Do poder galego.

Tema 2. A Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local: disposicións xerais. O municipio. A provincia. Disposicións comúns ás entidades locais.

Tema 3. O Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público: o persoal ó servizo das administracións públicas. Dereitos e deberes. Adquisición e perda da relación de servizo.

Tema 4. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común e das administracións públicas: dos interesados no procedemento. Da actividade das administracións públicas. Dos actos administrativos. Das disposicións sobre o procedemento administrativo común. Da revisión dos actos en vía administrativa.

PARTE ESPECÍFICA

Tema 1. Centros de acollida na infancia. Funcións. A función do/a educador/a infantil na acollida.

Tema 2. A separación familiar na infancia. Como manifestan os/as nenos/as os seus efectos.

Tema 3. Educación para a saúde psico-física: alimentación, hixiene, control de esfínteres, actividade-descanso, autonomía.

Tema 4. Primeiros auxilios. Prevención de accidentes e enfermidades infantís.

Tema 5. Desenvolvemento evolutivo do/a neno/a de 0 a 6 anos.

Tema 6. Apoio ás familias: servizos sociais comunitarios e servizos especializados. A tutela e a garda. O acollemento e a adopción.

Tema 7. Maltrato infantil. Conceptos. Tipoloxías. Intervención.

Tema 8. O traballo coas familias dos/as nenos/as atendidas nos fogares residenciais e fogares de día.

Tema 9. Organización do lecer e tempo libre. O xogo infantil e a súa metodoloxía.

Tema 10. Organización do espazo e do tempo en centros de atención á infancia.

Tema 11. Traballo en equipo e coordinación de tarefas con outros equipos e/ou profesionais do centro.

Tema 12. Observación, recollida e procesamento da información referente ao desenvolvemento de cada neno/a nas distintas contornas, de cara a orientar o seu proxecto educativo individual.

Tema 13. Deseño e elaboración das distintas programacións do centro de atención á infancia: proxecto socioeducativo.

Tema 14. Deseño e elaboración das distintas programacións do centro de atención á infancia: proxecto educativo individual.

A presente resolución, que pon fin á vía administrativa, é susceptible de interposición de recurso potestativo de reposición perante o Presidente desta Deputación, no prazo dun mes a contar desde a recepción da notificación desta resolución,

de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou directamente de recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña, de acordo coa lei 29/1998, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

A Coruña, 16 de outubro de 2017

O Presidente

PDFR 21179/2015 do 01/10/2015

O Deputado

Antonio Leira Piñeiro

O Secretario,

José Luis Almu Supervía

2017/8817